A literatura entre 1936 e 1976 II

Índice de contidos:

11.1. Introdución.

11.2. A Nova Narrativa galega
- 11.2.1. Características
- 11.2.2. Autores e autoras
  - 11.2.2.1. Carlos Casares
  - 11.2.2.2. Gonzalo R. Mourullo
  - 11.2.2.3. Camilo Gonsar
  - 11.2.2.4. Xosé L. Méndez Ferrín
  - 11.2.2.5. Mª Xosé Queizán
  - 11.2.2.6. Xohana Torres

11.3. A prosa do exilio

11.4. O teatro galego entre 1936 e 1976
- 11.4.1. A Xeración dos 50
- 11.4.2. O Grupo de Ribadavia

11.5. O teatro do exilio

11.1. Introdución.

Narrativa a partir dos anos 60:

A narrativa galega da inmediata posguerra, que estudamos no tema anterior, comezou a ser renovada nos anos 60 e 70 grazas ao labor de diversos autores novos, os cales poden ser agrupados do seguinte xeito:
- Nova Narrativa Galega: Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Carlos Casares, María Xosé Queizán...
- A épica rural: Neira Vilas.
- A promoción dos premios de narrativa: Víctor Freixanes, Alfredo Conde, Xavier Alcalá...

Nova Narrativa Galega:



Coñécese con este nome a obra narrativa dunha nova promoción de escritores e escritoras que empezan a publicar na segunda metade dos anos cincuenta e dos que podemos salientar os seguintes trazos comúns:
- Formación universitaria.
- Rexeitamento das formas narrativas e da temática da narrativa galega feita ata daquela.

- Pretenden a renovación da narrativa galega incorporando novas temáticas e técnicas dos grandes novelistas do século XX: M. Proust, J. Joyce, W. Faulkner, F. Kafka, etc.
A este grupo pertencen, entre outros, escritores como Carlos Casares, Xosé Luís Méndez Ferrín, María Xosé Queizán, Gonzalo Rodríguez Mourullo, Xohana Torres.
É importante ter en conta que a gran maioría destes escritores e escritoras segue a escribir na actualidade e que, a partir dos anos sesenta, a obra de cada un deles adquiriu características diferenciadoras que xa non permiten unha clasificación xeracional. É por isto que, cando se fala de Nova Narrativa, nos estamos a referir ás obras aparecidas entre os anos cincuenta e sesenta. De seguido imos estudar máis polo miúdo a obra dalgúns deles.

11.2. A Nova Narrativa galega

11.2.1. Características

Baixo esta denominación acostúmase encadrar un grupo bastante heteroxéneo de obras e autores que, sobre todo entre os anos 60 e 70, propiciaron unha profunda revisión das tendencias da narrativa precedente. Estes serían os seus trazos comúns máis importantes:

Os autores	**-** Teñen formación universitaria. - Están estreitamente ligados á ideoloxía nacionalista. - Coñecen ben as tendencias da narrativa europea (Joyce, Kafka, «Noveau Román» francés...) e americana (Faulkner, Dos Passos...).	
As obras	*Narrador*	Domina o **narrador en primeira persoa,** que se centra na introspección (monólogo interior) ou mostra as cousas examinadas ao detalle (ollo cinematográfico). Tamén é frecuente o **pluriperspectivismo,** con varios narradores que contan o que ven.
	Protagonista	Aparece o **protagonista desarraigado** (desvinculado da súa historia persoal) e decote **abafado** pola súa propia consciencia ou por circunstancias descoñecidas.
	Espazo	O **espazo** faise, en xeral, **indeterminado e intanxible.** Fóxese da localización concreta e coñecida, aínda que **domina o espazo urbano sobre o rural.** Adquire, daquela, moita importancia a **simboloxía,** xa que a través dela poden representarse situacións, lugares, persoas... identificables con Galicia.
	Tempo	Prodúcese a **ruptura entre tempo do discurso e tempo do relato.** A linearidade temporal desaparece: saltos ao pasado, minorización do tempo...
	Tema	En xeral, nos **temas** domina a presentación da **angustia e illamento do home ante** o mundo opresivo e abafante. Mais tamén **a rebeldía e a loita pola liberdade individual e colectiva.**

11.2.2. Autores e autoras

11.2.2.1. Carlos Casares

Carlos Casares Mouriño (Xinzo de Limia, 1941/Vigo, 2002)

É outro dos nomes máis sobranceiros da actual narrativa galega.A súa primeira publicación importante é o libro de relatos *Vento ferido* (1967) no que se inclúen doce narracións breves contadas con diversas técnicas narrativas que van desde o monólogo interior ao relato clásico en terceira persoa. Son contos de ambiente urbano ou suburbial e tratan asuntos como a violencia infantil ou nos adultos, a soidade da vellez, a frustración, o amor perdido, etc.

Estatua de Carlos Casares en Pontevedra

A primeira novela longa escrita por Casares é *Cambio en tres* (1969) na que se achega ao tema do traballador galego emigrante en Europa que volta á súa terra e vai mesturando situacións do presente con vivencias pasadas. Como sinala o profesor Anxo Tarrío, esta "é unha novela de transición entre a Nova Narrativa e a novela posfranquista, pois xa glosa unha problemática que tende a concretarse en efectos e fenómenos propios do desarrollismo da década dos sesenta".

Xa fóra do que consideramos "Nova Narrativa" (que chega ata 1970), outras obras deste autor son: *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), premio XXV anos da Editorial Galaxia. Esta obra ten carácter autobiográfico e reflicte experiencias dos estudantes universitarios composteláns comprometidos na loita antifranquista na década dos anos sesenta. *Os escuros soños de Clío* (1979), Premio da Crítica 1980. É un conxunto de doce relatos que recrean de maneira apócrifa, outros tantos episodios históricos. *Ilustrísima* (1980) retrata a chegada do primeiro cinematógrafo a unha vila galega a comezos do século XX e os enfrontamentos que este novo invento produce no seo da sociedade vilega. *Os mortos daquel verán* (1987) é unha novela que relata a morte dun boticario ocorrida nos primeiros días da guerra civil española a través das actas que un funcionario de policía vai levantando sobre as declaracións dunha serie de testemuñas. *Deus sentado nun sillón azul* (1996), Premio da Crítica Española. Esta novela supón unha reflexión sobre o papel do intelectual na sociedade, personificado nun intelectual galego da posguerra.

Tamén publica o conto para nenos *A galiña azul* (1968) e a peza teatral, tamén infantil, *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973).

Podemos resumir o conxunto da súa obra así:

Obra	Ano	Comentario
Vento ferido *Cambio en tres* *Xoguetes para un tempo prohibido*	1967 1969 1975	En canto ao contido, céntrase en aspectos biográficos da súa nenez e mocidade. En canto á forma, amosa o afán vangardista e experimental propio da Nova Narrativa.
Os escuros soños de Clío *Ilustrisima* *Os mortos daquel verán* *Deus sentado nun sillón azul*	1979 1980 1987 1996	Recrea momentos e personaxes do pasado histórico, mesturando a realidade coa fantasía. Domina técnicas moi diversas: desde o relato fantástico na liña de J. L. Borges *(Os escuros soños de Clío),* ata a novidosa narración en forma de informe burocrático *(Os mortos daquel verán).*

11.2.2.2. Gonzalo R. Mourullo (Calo, Santiago, 1936)

Cursou estudios de Dereito en Santiago e na actualidade é Catedrático de Dereito na Universidade Autónoma de Madrid. Comezou a escribir desde moi novo, gañando o primeiro premio de contos do Centro Galego de Buenos Aires en 1954 e o das Festas Minervais compostelás en 1956.

Produción narrativa:

Nasce unha árbore (1954) é, por orde cronolóxica, o libro inaugural da Nova Narrativa. Este volume está constituído por tres relatos nos que, con tratamento simbólico, trata temas como a evocación da terra, a inquietude da adolescencia ou a emigración.
En 1956, Mourullo publica *Memorias de Tains.* Este libro está organizado en forma epistolar. Cada unha das sete cartas que contén, suponse que de autor descoñecido, foron encontradas en Tains, unha vila case fantasma que sofre o proceso de crecemento e destrución típico de moitas das vilas galegas. E no marco deste mundo entre o real e o ficticio, Mourullo presenta un home dominado pola angustia e a incerteza.

11.2.2.3. Camilo Gonsar (1931 Sarria(Lugo) -2008 Vigo(Pontevedra)

Cambiou o seu nome real de Camilo González Suárez-Llanos polo pseudónimo de Gonsar porque os apelidos

auténticos «rara vez se escribían ben, máis ben sempre mal», e entón pensou que «era mellor simplificalos». Como Gonsar entrou na historia da literatura galega o escritor e académico, natural de Sarria e que faleceu en Vigo aos 77 anos tras unha longa enfermidade.

Membro dunha xeración, a Nova Narrativa, que renovou estilística e tematicamente a literatura do país a partir dos anos sesenta, Gonsar logrou os seus maiores recoñecementos con **Cara a Times Square** (1980), unha obra que Víctor Freixanes invitaba onte a «volver a ler» como forma de introducirse nunha traxectoria da que o director de Galaxia sinalaba que estaba «moi influída pola narrativa europea do seu tempo», o que o levou ao autor a «romper coa tradición anterior» da literatura do país xunto a outros nomes como Méndez Ferrín ou María Xosé Queizán. Outro académico, Salvador García-Bodaño, cualificaba onte a Gonsar como «amigo e magnífico escritor, un dos mellores da posguerra». Argumentaba tamén que as estadías de Gonsar no estranxeiro notábanse na súa obra «porque tiña a perspectiva que dá vivir en cidades como Londres».

11.2.2.4. Xosé L. Méndez Ferrín (Ourense, 1938)

Un dos autores principais da literatura galega de todos os tempos, recentemente foi nomeado candidato en lingua galega ao Premio Nobel de Literatura, considerando a calidade e transcendencia da súa obra, tanto na lírica como na prosa. Xa tratamos con anterioridade a súa produción poética, agora falaremos da obra narrativa.

A primeira obra en prosa foi *Percival e outras historias* (1958), trátase dun conxunto de 14 relatos nos que retoma o tema de Bretaña (Percival era un dos cabaleiros da Táboa Redonda), e nos que xa podemos atopar as características máis destacadas na obra deste autor: a mestura dos mundos fantástico e real; a denominación exótica de espazos e personaxes (Kelma, Lorelai, Eikof, Orl...); a atracción polo bosque que se converte en símbolo da liberdade; a fantasía e o misterio que liberan o home da represión á que é sometido polo poder; ou a alegoría política na que Galicia e Castela aparecen como termos antagónicos.

Outras obras escritas posteriormente son:

O crepúsculo e as formigas (1961), conxunto de relatos con diversas técnicas: epistolar, primeira persoa, diario íntimo..., e nos que o ambiente misterioso se consegue coa mestura do real e do fantástico. *Arrabaldo do norte* (1964) é a súa primeira novela e está ambientada nun enigmático espazo urbano no que deambula un home do sur perdido polas rúas, sen saber. *Retorno a Tagen Ata* (1971) é unha

alegoría política na que Tagen Ata é Galicia, que ten un idioma de seu, a lingua azerrata, e que vive nunha situación de territorio ocupado. O relato presenta o nacemento da nova conciencia nacionalista radical. *Elipsis e outras sombras* (1974), relatos nos que o tema é a rebeldía contra a orde fascista establecida. *Antón e os inocentes* (1976), segunda novela longa de Ferrín, é unha alegación política da posguerra en Galicia no que retrata un entorno percibido como brutalmente agresivo. *Crónica de nós* (1980) *Amor de Artur* (1982), con esta obra volta á temática artúrica. *Arnoia, Arnoia* (1987) *Bretaña Esmeraldina* (1987), trátase dunha novela longa con forma epistolar que narra a historia dun independentista bretón que se atopa na cadea e que se libera por medio do amor e da fantasía. *Arraianos* (1991), Premio Losada Diéguez, da Crítica Galega e da Española. É un conxunto de relatos situados nas terras comúns de Galicia e a Raia Seca de Portugal nos que se mesturan os compoñentes de misterio e erotismo. *No ventre do silencio* (1999), é, polo de agora, a última contribución de Ferrín á narrativa galega. A novela está ambientada en Santiago de Compostela nos últimos anos da década dos cincuenta e nela faise un retrato dos grupos sociais que convivían na cidade por aquel tempo: os estudantes progresistas, os fascistas, o clero, as clases medias reaccionarias... Todos eles mergullados nun ambiente de escurantismo e silencio imposto.

No seguinte esquema representamos as tres fases en que, a grandes trazos, pode ser descrita a súa produción narrativa:

Obra	***Ano***	***Comentario***
Percival e outras historias *O crepúsculo* e as *formigas* *Arrabaldo do norte*	1958 1961 1964	Estas obras participan de cheo na renovación formal e de contidos da **Nova Narrativa:** espazos abafantes e sinistros, personaxes descontextualizados...
Retorno a Tagen Ata *Elipsis e outras sombras* *Antón e os inocentes* *Crónica de nós* *Bretaña, Esmeraldina* *No ventre do silencio*	1971 1974 1976 1980 1987 1999	Domina o tratamento de **contidos socio-políticos:** rexeitamento ideolóxico á situación de opresión que vive Galicia (ben a través de parábolas ou alegorías, ben dun xeito máis directo e explícito).
Amor de Artur *Arnoia, Arnoia* *Arraianos*	1982 1987 1991	Aproximación á liña da **literatura fantástica.** Con gran mestría mestúrase realismo, lirismo, nostalxia... e gaña forza a recreación de mundos míticos.

11.2.2.5. Mª Xosé Queizán (Vigo, 1939)

Escribiu a novela titulada *A orella no buraco* (1965) na que mostra tres situacións da vida do protagonista que se desenvolven en París, nun porto galego e nunha pequena aldea . Outras obras desta autora, xa fóra do que estamos considerando como “Nova Narrativa” son: *Amantia* (1984)

onde reflicte a ideoloxía feminista no mundo galego dos séculos IV e V; *A semellanza* (1988) que trata o tema da homosexualidade; *Amor de tango* (1992), *O solpor da cupletista* (1998) e *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000) todas elas cun marcado carácter feminista. Tamén é autora de narrativa infantil *O segredo da pedra figueira* (1985).

Como poeta non publicará ningunha obra ata a década dos noventa, no ano 1991 en que aparece *Metáfora da metáfora*, dous anos despois *Despertar das amantes* (1993) e a que ata o de agora é a súa última obra poética *Fóra de min* (1994).

Como autora teatral publica no ano 1989 a obra *Antígona ou a forza do sangue* que queda finalista do premio de teatro Álvaro Cunqueiro 1988.

O seu labor ensaístico salienta pola súa preocupación feminista, neste xénero ofrécenos obras como *A muller en Galiza* (1977), *Recuperemos as mans* (1980) e *Evidencias* (1989).

11.2.2.6. Xohana Torres (Santiago de Compostela, 1931)

Ademais de narradora é autora de poesía e de textos teatrais. Entra dentro deste grupo fundamentalmente pola súa novela *Adiós María* (1971), na que reflicte o pensamento dunha adolescente, Maxa que vive en Vigo e é filla de emigrantes. Esta obra é fundamental na nosa historia literaria pois é a primeira novela totalmente narrada coa técnica do monólogo interior. Nela plásmase a tensión rural/urbano ao reflectir a sociedade e o ambiente dunha cidade galega dos anos sesenta. Este tema será recorrente nas décadas do 80 e do 90 na narrativa galega.

A súa obra poética desenvólvese en tres títulos: *Do sulco* (1959), *Estacións ao mar* (1980) Premio da Crítica do ano 1981 e *Tempo de ría* (1992).

Tamén é autora de dúas obras teatrais, *Á outra banda do Iberr* (1965) e *Un hotel de primeira sobre o río* (1968).

11.3. A prosa do exilio

A imposibilidade de publicar obra narrativa en galego por aqueles anos, debido á censura e á falta de editoriais que estivesen en situación de se poder facer cargo da edición de obras extensas, fixo que existise un desaxuste cronolóxico entre o tempo no que estas obras foron escritas e o momento no que foron publicadas. Trátase de novelas nas que o tema fundamental son as vivencias autobiográficas da infancia e, sobre todo, da guerra e da represión. Entre estes autores de narrativa do exilio citaremos a Ramón de Valenzuela Otero e Silvio Santiago e xa estudamos máis polo miúdo a obra narrativa de Eduardo Blanco Amor.

Ramón de Valenzuela Otero (Silleda, 1912 /Santiago, 1981)
Autor de *Non agardei por ninguén* (publicada en 1957) e *Era tempo de apandar* (publicada en 1980).

Silvio Santiago (Vilardevós, 1903 /1974)
Escribiu nos anos de exilio *Villardevós* (publicada en 1961) e *O silencio redimido* (publicada postumamente en 1976).

11.4. O teatro galego entre 1936 e 1976

O resultado da Guerra Civil orixinou, como xa sabemos, un prolongado silencio editorial e literario na Galiza, que so comezou a superarse a comezos dos anos cincuenta. O xénero teatral non foi unha excepción: entre 1936 e 1952, só se publicaron tres obras teatrais orixinais en galego: a zarzuela ¡Non *chores,* Sabeliña! (1943), de Trapero Pardo; *Romance do cristiano e do mouro na Franqueira* (1949), de Ramón Cabanillas; e *Viaxe perdido* (1949), de Xosé Ibáñez.

Esta penuria editorial acompañouse, porén, coa existencia de espectáculos teatrais en galego da man dos Coros Populares ("Frores e Silveiras", "Cantigas e Aturuxos", "Cántigas da Terra"...). Estas entidades, toleradas ou tuteladas agora polo franquismo, representaron de cando en vez algunhas pezas costumistas, sainetes humorísticos, cadros líricos e estampas folclóricas. Boa parte desas pezas foran escritas xa antes da guerra e, desde logo, resultaban politicamente inofensivas. Mesmo así, exercíase a censura sobre as situacións, os contidos e os diálogos que puidesen resultar máis comprometedores e, nalgún caso, chegouse mesmo a omitir o nome do autor...

A posta en marcha da Editorial Galaxia, coa súa revista Grial e coa colección "Illa Nova", significará un pulo decisivo no proceso de recuperación do teatro galego. A publicación de *Vieiro choído*, de Xosé L. Franco Grande, e a estrea de *O incerto señor Don Hamlet*, de Cunqueiro, feitos ambos producidos en 1959, marcan a consolidación dese proceso. Relevante é, igualmente, a fundación en 1958 do grupo teatral do coro "Cántigas e Agarimos", pois baixo a dirección de Rodolfo López Veiga afronta a representación de ambiciosas pezas teatrais como *Antígona*, de J. Anouilh (1958), *Os*

vellos non deben de namorarse (1961), de Castelao, e *A revolta* (1964), de Xenaro Mariñas.

A partir dos anos 50, o teatro galego desenvólvese, basicamente, en tres liñas:

a) A das pezas que proseguen, no fundamental, os xeitos do teatro costumista ou de comedia urbana desenvolvidos antes da guerra por un sector das Irmandades da Fala, escritas por autores como Leandro Carré Alvarellos *(A foliada, Brétemas e raiolas, Meiguerías),* Uxío Carré Alvarellos *(Desalento),* Ramón Cabanillas *(Romance do cristiano e do mouro na Franqueira),* Xesús San Luís Romero *(Unha noite no muíño),* Trapero Pardo *(¡Non chores, Sabeliña!)...*

b) A das pezas que continúan as tendencias modernizadoras do teatro de preguerra (Simbolismo, Expresionismo...), escritas por autores como Otero Pedrayo *(O desengano do prioiro, O fidalgo e a noite, Rosalía),* Xenaro Mariñas *(A serpe, Ramo cativo*, A *revolta e outras farsas),* Carballo Calero *(A farsa das zocas)* e Ánxel Fole *(Pauto do demo).*

c) A das pezas existencialistas que traducen teatralmente as angustias, problemas filosóficos e pesimismos ontolóxicos característicos do que, en poesía, recibiu a denominación de "Escola da Tebra", escritas por autores como Franco Grande *(Vieiro choído),* Carballo Calero (O *auto do prisioneiro),* Xenaro Mariñas *(A obriga),* Manuel María *(Auto do taberneiro),* Díaz Pardo *(Midas* e O *ángulo de pedra)...*

Neste panorama, Álvaro Cunqueiro realizou un moi interesante traballo como dramaturgo, complementando o seu labor poético e narrativo. Ás veces este labor dramático inseriuno dentro das súas obras narrativas, como é o caso da *Función de Romeo e Xulieta, famosos namorados,* integrada na súa novela As *cró*nicas do sochantre.



Como obras independentes, Cunqueiro escribiu *O incerto señor don Hamlet*, *príncipe de Dinamarca,* obra que revisa o mito shakesperiano de Hamlet uníndoo co de Edipo e na que utiliza unha fina ironía. Outra obra súa é *A noite vai coma un río* (1969); nela exprésase o drama da busca de amor a través dos ollos dunha muller, Inés, atrapada pola súa condición e prexuízos. Por último, Cunqueiro escribiu *Palabras de víspera*, que é unha peza situada na Idade Media e que está protagonizada por dona Urraca e o rei Afonso de León.
O *incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca (1958,* estrea en *1959)* tal vez sexa a obra de maior orixinalidade. A súa modernidade e a súa calidade resultan indiscutíbeis, tanto pola rica linguaxe dramática empregada como pola lúcida revisión ou recreación mítica que efectúa. O personaxe de Hamlet, convenientemente ampliado con elementos do Edipo e do Orestes gregos, sérvelle a Cunqueiro para encarnar unha reflexión sobre a propia identidade e a existencia.

11.4.1. A Xeración dos 50

Ademais de Franco Grande, co seu *Vieiro choído (1958),* e de Arcadio López Casanova, co seu *Orestes (1963),* outros representantes da chamada "Xeración dos *50"* dedicáronse ao cultivo do teatro, se ben nun contexto histórico e cultural (ditadura franquista) en que a escenificación das súas pezas se fixo practicamente imposíbel, polo que ficaron na maior parte dos casos, moi a pesar da vontade dos seus autores, como "teatro para ler" ou inédito.

Alén de poeta, Manuel María é autor dunha copiosa obra teatral *(23* pezas publicadas e *19* inéditas), composta por textos infantís, autos, farsas e dramas épicos. A súa traxectoria como dramaturgo iníciase en *1957 co* poema dramatizado *Auto do Taberneiro e* continúa co *Auto do labrego (1961)* e o *Auto do mariñeiro (1970),* ambos na liña do teatro poético, sen acción. A finais da década dos *60,* cando xa as actividades dramáticas en galego comezan a ser unha vizosa realidade, Manuel María varía o rumbo. Convencido da capacidade educativa do teatro e do seu valor como instrumento de concienciación nacional e social, utilizará o escenario como plataforma ideolóxica, creando un teatro popular e ao mesmo tempo reivindicativo e propagandístico, que reflexiona sobre o pasado histórico (revolución irmandiña, mártires de Carral, guerra civil e posguerra...) ou que se pronuncia sobre temas polémicos da actualidade: *Barriga verde (1968), Abril de lume e ferro (1975,* publicada en *1989), Unha vez foi o trebón* (publicada en *1992), Farsa do Bululú (1973), Entremés da OTAN (1986), A lúa vai encoberta (1992)...*

Pola súa vez, vinculada ao teatro como actriz na súa mocidade, Xohana Torres contribuía a engrosar o repertorio galego con dúas obras: *A outra banda do Iberr (1965),* e mais *Un hotel de primeira sobre o río (1968).* A primeira, de carácter político, desenvólvese na banda dereita do río Iberr, onde se refuxiaron os exiliados

da banda esquerda, e ten como protagonista a unha familia dividida pola ideoloxía. Na segunda obra, Un hotel *de* primeira *sobre* o río, o simbolismo político é substituído pola denuncia social: a expropiación de terras con fins espurios. Tanto nesta obra como na anterior estamos perante as técnicas do teatro realista; en ambas, as figuras femininas (Ruth, Malen...) asumen un papel decisivo na defensa da Terra e encarnan mellor ca ninguén a vivencia da dor que o seu abandono e destrución encerran.

Mª Xosé Queizán escribiu, así mesmo, unha peza teatral titulada *Antígona ou a forza do sangue*, publicada en 1989. Constitúe unha revisión desde unha perspectiva feminista e nacionalista do perfil da personaxe mítica do clásico grego Sófocles, introducida aquí nun ambiente medieval galego.

A revisión crítica das parcelas máis importantes da historia de Galiza é o leit motiv do teatro do escritor Daniel Cortezón (Ribadeo, 1927). A ese propósito responden títulos como *Nicolás Flamel* (1966), *Prisciliano* (1970), *Xelmírez ou a groria de Compostela* (1974), *Os Irmandiños* (1978), *Pedro Madruga* (1981), *A diáspora* (1981), *Crónica de Enrique IV* (1985), a tetraloxía Castelao ou a paixón de Galiza, iniciada en 1986, etc.

Por último, Bernardino Graña é tamén autor de pezas teatrais, entre as que chegaron a publicarse *Vinte mil pesos crime. Peza dramática en cinco pasos* (1962); *Sinfarainín contra don Perfeuto* (1975) e *Os burros que comen ouro (nunca* cabalos *serán),* premiada en 1979 no VII Certame Abrente e publicada en 1992. Todas comparten unha visión crítica sobre o poder do diñeiro e sobre a vida alienada do ser humano moderno. Bernardino concibe as súas pozas teatrais como espectáculo integral (diálogo, música, baile, luces, máscaras...).

11.4.2. O Grupo de Ribadavia

A partir dos anos 60, diversas circunstancias propiciaron o rexurdimento das actividades dramáticas na Galiza, da man do chamado "Teatro Independente". Este, que cumpriu unha importante función na axitación política antifranquista e pronacionalista, pretendía basicamente carro obxectivos:

a) Rescatar o teatro das salas convencionais e comerciais, para achegalo ao pobo, tanto ao urbano como ao rural;

b) Romper co concepto de compañía estábel típica do teatro burgués e apostar pola itinerancia, polo traballo en equipo, etc.

c) Encontrar novos métodos e novas formas de traballo para a creación e para a representación teatral (afán experimental), procurando inspiración nas propostas de Bertold Brecht e Samuel Beckett, no esperpento de Valle Inclán, no "teatro do absurdo" (Ionesco, Genet), etc.;

d) Crebar a diglosia escénica e crear as infraestruturas que permitisen o desenvolvemento pleno dunha dramaturxia galega moderna e comprometida.

En 1965 nace o primeiro grupo do Teatro Independente Galego, o "Teatro O Facho", fundado na Coruña polo dramaturgo, director e actor Manuel Lourenzo. Foron aparecendo logo novos agrupamentos repartidos pola xeografía galega: "Circo"

(A Coruña, 1967), "Keyzán" (Vigo, 1967), "Histrión 70" (Ourense, 1970), "Máscara 17" (Vigo, 1971), "Candea" (Noia, 1973), "Antroido" (Santiago, 1974), "Malveira" (Cariño, 1975), "Artello" (Vigo, 1978), "Mari-Gaila" (Santiago, 1978), "Troula" (A Coruña, 1978)...

As coñecidas mostras de teatro de Ribadavia actualmente son internacionais

En 1973, a “Agrupación Cultural Abrente” de Ribadavia, presidida por Ernesto Chao e vinculada aos círculos antifranquistas e nacionalistas de esquerda, convocou a "1ª Mostra" e o "1º Certame Abrente" de Teatro Galego. Con esta iniciativa Ribadavia transformarase, durante varios anos, no punto de encontro inevitábel para todos os interesados no mundo do teatro na Galiza. Por vez primeira os grupos puideron saber uns dos outros e tiveron a posibilidade de contrastar opinións do público e dos críticos. Pola súa vez, os autores tiveron no Certame un poderoso estímulo para a creación, entanto a Mostra garantía que as súas producións non ficasen gardadas no caixón...

O exemplo de Ribadavia foi seguido por outras localidades (Vigo, A Coruña, Lugo, Cariño, Fene...). A través dos teleclubes, das asociacións culturais e dos círculos recreativos foron formándose grupos non só nas vilas e cidades senón tamén no medio rural, ao tempo que iniciaba a súa andaina o teatro escolar, sempre como resultado do esforzo individual dalgún profesor ou profesora.

A morte do ditador Franco, asumindo a nova realidade político-social coa que se enfrontaban, a xente de teatro comezou a falar da normalización do seu estatus e determinados grupos optaron pola profesionalización ("Antroido", "Artello", "Mari Gaila", "Caritel"...). Algúns intentaron manter salas estábeis ("Carral", en Vigo; "Luís Seoane", na Coruña...), mais todas tiveron que fechar perante a falta de axuda institucional. En 1984 créase a compañía institucional "Centro Dramático Galego".

11.5. O teatro do exilio

O teatro galego no exilio ocupou o espazo perdido na nosa terra. Así, Castelao estreou en Bos Aires en 1941 **Os *vellos non deben de namorarse,*** que supón un auténtico fito na nosa dramaturxia, pero que non se puido representar en Galicia ata 1961. Na Arxentina creáronse compañías de teatro como a de Maruxa Villanueva. A parte da obra de Castelao, tamén en Bos Aires se publicaron outras como ***Pauto do demo*** (1958), de Ánxel Fole. En liñas xerais, o teatro do exilio pódese dividir en teatro culto e teatro popular.

O teatro culto

O teatro culto segue a estética e os temas da dramaturxia moderna. Con el preténdese que os emigrados e exiliados reflexionen acerca da situación de Galicia; entre as figuras fundamentais deste teatro destacan Luís Seoane e Eduardo Blanco Amor.

Luís Seoane é autor de A *soldadeira,* peza que ten como protagonista a unha soldadeira de nome Minia e que se sitúa nas revoltas irmandiñas. Coa obra pre-téndese chamar á mobilización das clases populares contra a ditadura.

Eduardo Blanco Amor, á parte de narrador e de poeta, foi un autor moi vinculado á dramaturxia, de tal xeito que en 1957 creou na Arxentina o Teatro Popular Galego co fin de representar obras que abrisen novos camiños no noso teatro.

Como autor de teatro publicou *Farsas para títeres* (1973), sete pezas de carácter humorístico. A deformación grotesca da realidade e a mestura do tráxico e do cómico, fan lembrar os esperpentos de Valle-Inclán. O autor tamén introduce elementos do teatro do absurdo.

Tamén escribiu *Teatro para a xente* (1974), que é un conxunto de pezas semellantes aos entremeses. A última obra que escribe é *Proceso en Jacobusland* (1980), unha crítica da ditadura franquista.

O teatro popular

Ao teatro popular pertencen pezas de carácter costumista que representan a vida da Galicia do mar e da Galicia do interior. Con estas obras preténdese espertar a conciencia galeguista dos homes e mulleres da emigración. Entre os autores deste tipo de teatro destaca Manuel Varela Buxán.

Manuel Varela Buxán (Lamas, A Estrada, 1909 /1986)

Varela Buxán ademais de ser un prolífico autor pasará á nosa historia literaria por ser un verdadeiro patriarca do noso teatro polo seu intenso labor cultural.

Autor de preto de trinta pezas de teatro caracterizadas por un ruralismo humorístico e crítico e unha estrutura sinxela, entre as súas obras podemos salientar: *Se o sei ...non volvo á casa*, *O ferreiro de Santán*, *Taberna sin dono* e *A xustiza dun mariñeiro*.

Varela Buxán foi ademais un importante animador do teatro galego na Arxentina onde fundou unha compañía de teatro que representaba con regularidade obras galegas, sendo o responsable da posta en escena de Os vellos non deben de namorarse na súa estrea en Bos Aires, obra que alternou a súa representación no mesmo teatro cunha de Varela Buxán, *Taberna sin dono*.